

NÚMERO 8/18

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE XUÑO DE 2018.

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e oito de xuño de dous mil dezaoto, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Coteló, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. María Pardo Fafián, D^a. María del Carmen Pose Varela, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Escusou a súa ausencia a concelleira D^a. Raquel Bolaño Fariñas.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.-

Apróbanse por unanimidade as actas das sesións nº 6/2018, de 31 de maio e nº 7/2018, de catorce de xuño.-

2º.- Modificación de crédito 15/2018. Crédito extraordinario 01/2018.-

Dada conta da proposta da Alcaldía sobre o expediente de modificación de crédito 15/2018, na modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, para devolver ao orzamento de gasto do exercicio 2018 os importes destinados ao gasto pendente de exercicios pechados e dotar crédito para os importes pendentes de aplicar.-

Visto o informe da intervención municipal JPB173/2018, así como o ditame favorable da Comisión informativa Xeral. Tras expoñer o sr. López Mallo que este expediente pon de manifesto a nula planificación e a mala xestión do gasto nalgúns áreas municipais, a pesar do cal o seu grupo votará a favor para non prexudicar aos acredores do Concello, sométese ao asunto a votación, aprobándose por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 15/2018, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións detalladas no expediente por un importe global de 410.187,28.- euros.-

2º.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.-

3º.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor”.-

Control de Órganos de Goberno:

3º.- Informes e comunicacións.-

Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 28-5-2018 a 22-6-2018, facendo o sr. Alcalde especial mención do decreto 1065/2018, de data 30-5-2018, polo que se aproba a Liquidación do Presuposto do exercicio 2017, que ofrece un remanente de Tesourería para gastos Xerais de 3.950.398,99 euros, expoñendo as súas cifras mais destacadas.-

4º.- Mocións.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

4.1º.- Moción en apoio ás reivindicacións dos colectivos LGTBIQ+.-

A sra. Reimúndez, do grupo BNG, defende a urxencia da moción lembrando que o 28 de xuño é o día internacional do orgullo LGTBIQ+ e que o Concello, a través da Concellería de Igualdade, ven de sumarse á campaña promovida pola Deputación da Coruña para sensibilizar sobre a necesidade de xerar sociedade, apoiando a diversidade. O obxecto da moción é apoiar as reivindicacións do colectivo LGTBIQ+, coa finalidade de darlles visibilidade e apoio institucional. Considera unha realidade que

Galicia vai por detrás doutras comunidades que xa teñen un marco legal que ampara as necesidades deste colectivo e o seu obxectivo é que podamos equipararnos ós demais.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por maioría, con sete votos a favor e nove votos en contra.-

4.2°.- Moción en apoio ás persoas denunciadas por reclamar a devolución do Pazo de Meirás.-

A sra. Reimúndez presenta a moción do grupo BNG en apoio das persoas activistas que o pasado agosto, segundo afirma, realizaron unha acción pacífica e simbólica no Pazo de Meirás co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, sendo denunciadas pola Fundación Francisco Franco e polos netos do ditador e acusadas de varios delitos, entre eles odio e delito contra o honor. Considera que se trata de un asunto de interese político local, nacional, estatal e europeo e que a urxencia da moción está mais que xustificada por existir decisións xudiciais que atentan claramente contra a liberdade de expresión e de opinión.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por maioría, con sete votos a favor e nove votos en contra.-

4.3°.- Moción para a obtención do terreo contiguo ao CEIP Sada e seus Contornos destinado á súa ampliación para non condicionala con obras consolidadas.-

O sr. Anido presenta a moción do grupo PP relativa ao inicio do trámite, dado que o PXOM xa foi aprobado, para obtención dos terreos contiguos ao CEIP Sada e seus Contornos destinados á súa ampliación para non condicionala con obras consolidadas, pois a opción existente para a obra da cuberta condiciona a ampliación no futuro do centro.-

Efectuada a votación, resulta estimada a declaración de urxencia da moción por unanimidade, procedendo o sr. Anido á súa exposición, indicando que en febreiro de 2012 o Tribunal Superior de Xustiza anulou a modificación puntual do Plan especial de contacto coa zona do Porto, motivo polo que se encontraron no punto de partida e o goberno municipal que el presidía decidiu darlle solución ao tema facendo unha proposta á Xunta de Galicia, que foi adiante. Propoñen agora que se faga unha cuberta lixeira que non condicione a futura ampliación do centro.-

Debátese longamente con intervencións dos voceiros dos grupos BNG, PSOE, Sadamaioría e PP e do sr. Alcalde, e unha vez efectuada a votación, a moción resulta rexeitada por sete votos a favor e nove en contra.-

4.4°.- Moción sobre a incorporación do Pazo de Meirás ao Patrimonio Público.-

O Sr. Montouto indica que a moción foi presentada ao inicio da sesión, ao abeiro do artigo 64.1 do ROM, por ser un caso de forza maior, ao seu entender, dado que o pasado luns fíxose público o informe da comisión de expertos nomeados polo Parlamento de Galicia para ver as posibilidades de incorporar o Pazo de Meirás ao Patrimonio Público, no que o concello de Sada tivo unha parte activa e importante e que discrepou nunha das conclusións a través dun voto particular, non estando de acordo coa posibilidade de indemnizar á familia Franco, aínda que concordan no básico, tanto deste informe como no informe de conclusión da xunta pro-devolución do Pazo. O obxectivo da moción é que o Concello se manifeste instando á Administración Xeral do Estado a que, en vista dos citados informes, inicie canto antes as accións xudiciais oportunas dirixidas á incorporación do Pazo de Meirás ao Patrimonio Público.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a declaración de urxencia da moción por maioría, con sete votos a favor e nove votos en contra.-

5°.- Rogos e preguntas.-

O sr. López Mallo formula dúas preguntas:

1) Con respecto a unha subvención para adquisición de libros para a Biblioteca Municipal que se perdeu, preguntalle á sra. Pardo se se reitera no manifestado no último Pleno sobre unha presunta negligencia dunha empregada municipal. A sra. Pardo contesta que en efecto non se fixo ningunha proposta de gasto para a adquisición de libros por parte da dita empregada municipal, técnico á que lle correspondería facelo, quen si advertiu da perda da subvención pero nunca antes de que se tivese perdido.-

2) Pregunta tamén á sra. Pardo se se tomou ou vai tomar algunha medida con respecto desa empregada municipal por este caso. A sra. Pardo contesta que posteriormente deixou de ser empregada municipal nun prazo moi breve de tempo, e que non se lle abriu ningún expediente.-

A sra. García Freire pregunta polos motivos do estado de deterioro do cemiterio municipal, en pintura, en maleza e en orde, dicindo que é algo no que xa veñen insistindo de atrás sen que se faga nada.-

O sr. Tellado pregunta se xa se recadou o importe da execución subsidiaria da demolición dunha vivenda no lugar de Souto, pola cal preguntara en data 27-7-2017.-

O sr. Anido fai dou rogos:

- 1) Rógalle ao sr. Presidente que cando conteste ás preguntas acenda o micro, para constancia, e que o manteña acendido. O sr. Presidente descúlpase dicindo que acaba de darse de conta.-
- 2) En relación coa moción presentada hoxe polo seu grupo sobre o Colexio Sada e os seus Contornos, roga que se incorpore o escrito do comunicado do claustro de profesores aos expedientes da moción e da cuberta dese centro.-

Non habendo outros asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-